



COMUNICACIÓN DA FINALIZACIÓN PARCIAL E TOTAL DAS ACTUACIÓNS

VI406C - PROGRAMA DE AXUDAS PARA ACTUACIÓNS DE REHABILITACIÓN ENERXÉTICA EN EDIFICIOS EXISTENTES

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

EDIFICIO/VIVENDA	EXPEDIENTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>

De acordo co establecido na convocatoria do Programa de axudas para actuacións de rehabilitación enerxética en edificios existentes, **COMUNICA** o remate das actuacións previstas na resolución de concesión

COMUNICACIÓN DE FINALIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS	ANUALIDADE		
	<input type="checkbox"/> PARCIAL	<input type="checkbox"/> 2021	<input type="checkbox"/> 2022
<input type="checkbox"/> TOTAL	<input type="checkbox"/> 2021	<input type="checkbox"/> 2022	<input type="checkbox"/> 2023

NOME DA EMPRESA QUE EXECUTOU AS OBRAS	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>
DOMICILIO	
<input type="text"/>	

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

- Que en relación con outras axudas solicitadas ou concedidas:
 - Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para a mesma finalidade.
 - Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para a mesma finalidade, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE

- Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña desta ou doutras administracións públicas ou de outros entes públicos, nacionais ou internacionais ou de calquera outra entidade pública ou privada, a partir da data desta declaración, con indicación da súa contía.
- Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Estar ao día de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 21 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o artigo 9 do seu regulamento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.
- Que coñece e acepta os contidos e obrigas recollidos nas bases reguladoras e na convocatoria deste programa.
- Que todos os datos da súa solicitude son certos.

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA

Para a comunicación de execución parcial das actuacións da opción A e B:

- Licenza de obras ou comunicación previa, para o suposto de que a actuación non requira licenza, no caso de ter iniciado as obras.
- Acta de inicio das obras ou certificado emitido polo técnico responsable da súa execución, no caso de ter iniciado as obras.
- Memoria económica xustificativa do custo das actuacións realizadas, en que se faga constar o cumprimento das actuacións da anualidade que lle corresponda xustificar. Conterá a relación clasificada de gastos polas actuacións realizadas, coas correspondentes facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, onde consten a identificación da persoa acreedora, o seu importe e a súa data de emisión, así como os documentos que xustifiquen o seu pagamento. Para estes efectos, o seu pagamento deberá xustificarse mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados pola persoa ou entidade solicitante.



DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA (continuación)

- Memoria explicativa das obras realizadas, asinada, se for o caso, por persoa técnica competente.
- Fotografías que amosen as obras realizadas, de ser o caso.
- Copia de tres orzamentos, para o caso de que o importe do custo elixible da actuación supere os 40.000 euros.
- De conformidade co sinalado no punto 2 do ordinal décimo noveno da convocatoria, documento acreditativo da constitución das correspondentes garantías, cando estas sexan obrigatorias.

Para a comunicación de execución final das actuacións deberá presentarse:

Opción A

- a) Certificado final da obra subscrito pola dirección facultativa, no suposto de actuacións de mellora da envolvente térmica (tipoloxía 1).
- b) Certificado da instalación térmica, subscrito polo director da instalación ou instalador autorizado, rexistrado no órgano competente da comunidade autónoma de acordo co RITE, no caso das actuacións sobre instalacións térmicas (tipoloxía 2).
- c) Memoria da actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, conforme o exigido polas bases reguladoras e pola resolución de concesión da axuda, con indicación das actividades realizadas, dos resultados obtidos e a data de conclusión das actuacións. Esta memoria será realizada e subscrita por un técnico titulado competente autor do proxecto ou da dirección da execución da actuación.
- d) Relación certificada e copia dos pedidos e/ou contratos relativos ás actuacións realizadas.
- e) Relación certificada e copia das facturas e dos seus correspondentes xustificantes bancarios de pagamento, relativos ao investimento elixible realizado e que respondan ao orzamento e contratos presentados.
- f) Reportaxe fotográfica das actuacións realizadas, que inclúa fotografías da situación do edificio despois das actuacións e, de ser o caso, dos equipamentos e instalacións principais finais obxecto da axuda, e onde se amose o cartel publicitario da actuación. Información e enlace ao sitio de Internet da beneficiaria, no caso de que dispoña dun, onde o dito destinatario último das axudas informará o público do posible apoio obtido dos Fondos Europeos Feder e/ou, de ser o caso, do instrumento da Unión Europea que corresponda, facendo unha breve descrición da operación, de xeito proporcionado ao nivel de apoio prestado, cos seus obxectivos e resultados, e destacando o apoio financeiro da Unión Europea.
- g) Documentación xustificativa sobre o proceso de contratación das actuacións por parte do destinatario das axudas.
- h) Declaración responsable, previa á xustificación por parte da beneficiaria, garantindo o proceso de contratación das actuacións, o cumprimento das normas nacionais e comunitarias sobre requisitos de igualdade de oportunidades e non discriminación aplicables a este tipo de actuacións, o cumprimento das normas ambientais nacionais e comunitarias, e sobre desenvolvemento sustentable e a aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas no ámbito de xestión do proxecto obxecto de axuda (segundo o modelo que estará dispoñible na web do IDAE ou do IGVS).

Cando a axuda concedida sexa inferior a 50.000 euros e de maneira opcional, poderá entregarse unha conta xustificativa coa achega de xustificantes de gasto, segundo o previsto nos números 1 e 2.a), b), e), e f) do artigo 72 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo. Neste suposto non será obrigatorio achegar a documentación que se indica nas letras c) e e) anteriores.

Da mesma maneira, opcionalmente, poderá entregarse a conta xustificativa coa achega dun informe de auditor, segundo o previsto no artigo 74 do Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, caso en que non será obrigatorio achegar a documentación sinalada nas letras c), d), e), f), g) e h) anteriores, sempre que o alcance do informe do auditor conteña a comprobación das epígrafes sinaladas na letra B, letra j), do anexo III do Real decreto 737/2020, do 4 de agosto.

Opción B

- A documentación sinalada anteriormente coas letras a), b), c), e), f) e g).

Para as opcións A e B, para o caso de que non se achegase con anterioridade, tamén deben presentar:

- Licenza de obras ou comunicación previa, para o suposto de que a actuación non requira licenza, no caso de non telas entregado con anterioridade.
- Acta de inicio das obras ou certificado emitido polo técnico responsable da súa execución, no caso de non telas entregado con anterioridade.
- Copia de tres orzamentos, para o caso de que o importe do custo elixible da actuación supere os 40.000 euros, no caso de non telos entregado con anterioridade.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

, de de